

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 5 de ABRIL DE 2002**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na SESIÓN PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 5 de abril de 2002, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 2/02, correspondente á celebrada o día 22 de febreiro de 2002.
- 2.- Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 1000 deica a nº 3.799.

Plans Especiais, contratación e equipamento

- 3.- Aprobación da primeira fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes 1998-2001.

Vías e Obras

- 4.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para a execución das obras comprendidas no proxecto de ampliación e mellora do trazado na E.P. 0102 de Lema a Orto, código 01.1110.0005.0

Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

- 5.- Convenio Deputación-Consellería de Emigración de axudas a Comunidades Galegas no exterior.
- 6.- Convalidación das actuacións do concello de Padrón obra “Escultura de Macías o Namorado” Plan XXI de pequenas obras e subministracións.
- 7.- Modificación das condicións de delegación da contratación das obras e subministracións do Plan XXI de pequenas obras e subministracións.
- 8.- Ampliación do prazo de execución das obras do Plan XXI de fomento do turismo de natureza.
- 9.- Proposta convenios Servicos Sociais en 11 concellos da provincia.

Cultura, Deportes e Xuventude

10.- Bases da convocatoria dos programas do Plan de apoio veciñal, dirixidos ás asociacións de veciños dos concellos de máis de 50.000 habitantes para o ano 2002.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 5 DE ABRIL DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 5 de abril de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Non asiste o Sr. Mirás Franqueira.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/02, CORRESPONDENTE Á CELEBRADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2002.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/02, correspondente á celebrada o día 22 de febreiro de 2002.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 1000 DEICA A Nº 3.799.

A Corporación toma coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 1000 deica a nº 3.799, de 2.002.

3.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Moi brevemente, para indicar que imos a manter unha posición de abstención, e remitirnos en todo caso á xustificación que demos no seu momento cando foi a aprobación do conxunto do plan e das sucesivas fases. Polo tanto imos manter esta posición de abstención. Moitas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos adaptados ás parcelas das instalacións que se indican no anexo a este acordo, incluídas na programación plurianual do Plan 2000 deportes anualidades 1998-2001, que foi aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29 de maio de 1998 e do que as bases reguladoras foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.02.1998 e publicadas no BOP nº 48 do 28.02.1998.

Vista a documentación xustificativa remitida polos respectivos concellos, en particular a relativa ó cambio de parcela presentado polo Concello da Pobra do Caramiñal, así como os informes técnicos favorables emitidos polo Servicio Provincial de Arquitectura.

1ª) Aprobar a 1ª fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes na que se inclúe a realización das instalacións deportivas que se relacionan no anexo a este acordo incluídas na programación plurianual deste plan provincial, do que a execución é anual para a anualidade 2001, e do que o detalle de distribución do financiamento entre deputación e concellos é o que se detalla.

2ª) Aprobar os equipamentos, proxectos técnicos e contratos conexos das obras incluídas nesta fase.

3ª) As cifras globais de financiamento deste fase son as seguintes:

Achegas	Anualidade 2001
DEPUTACIÓN	1.576.813,15
ACHEGA CONCELLOS	1.352,28
CONC. PLAN 2000 INFR.	284.819,65
TOTAL EUROS...	1.862.985,08

O financiamento deste plan realízase con cargo ó dispoñible existente na partida 0501/452D/60189 do vixente orzamento provincial.

4ª) Someter o presente plan a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

4.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0102 DE LEMA A ORTO, CÓDIGO 01.1110.0005.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado na E.P. 03102 de Lema a Orto (código 01.1110.0005.0).

2.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

5.- CONVENIO DEPUTACIÓN-CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN DE AXUDAS A COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio adxunto ó presente dictame que se vai subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Emigración para promover o financiamento de actividades dos centros galegos no exterior.

2.-A achega provincial prevista no convenio que ascende a un total de 150.000 € poderá efectuarse, consonte ás previsións e requisitos fixados no convenio.

3.-Facultar ó Ilmo. Sr. presidente para a sinatura do presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ASISTENCIA SOCIAL ÓS EMIGRANTES

Santiago de Compostela, _____ de 2002

REUNIDOS

Por unha banda a Xunta de Galicia, actuando no nome e representación dela, o Excmo. Sr. Concelleiro de Emigración e Cooperación Exterior, D. AURELIO MIRÁS PORTUGAL, nomeado polo Decreto 308/2001, do 15 de decembro, e ó abeiro das facultades que para vincularse neste acto ten conferidas na Lei 1/1983, da Xunta de Galicia e do seu Presidente, no artigo 2º da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Pola outra, a Deputación Provincial da Coruña, actuando no seu nome e representación D. JOSÉ LUIS TORRES COLOMER, Presidente da institución, ó abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril, e na Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que a Consellería de Emigración e Cooperación Exterior ten como finalidade esencial da súa actividade a atención social dos emigrantes galegos.

Segundo.- Que a Deputación Provincial da Coruña, na súa función de apoio ós municipios da provincia amosa unha especial sensibilidade en relación á situación dos veciños que residen fóra de Galicia, e en especial daqueles que sofren dificultades acusadas en determinados países de Iberoamérica, particularmente de Arxentina.

Terceiro.-A Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña pretenden sumar esforzos financeiros e coordinar políticas segundo os principios de eficacia e eficiencia dos recursos destinados ó apoio social dos emigrantes.

Para tal fin as partes asinan o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.-O obxecto do presente convenio é regula-las bases da colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior, e a Excmo. Deputación Provincial da Coruña para cofinancia-los programas de atención social ós emigrantes galegos e ás entidades nas que se integran, que se desenvolven por parte da citada consellería. Estas axudas dirixiranse preferencialmente ós emigrantes residentes na área territorial da Plata.

Segunda.-A Deputación Provincial da Coruña comprométese a transferir, con carácter de en firme, ó Tesouro da Xunta de Galicia a cantidade de CENTO CINCUENTA MIL (150.000) EUROS, con cargo á partida _____ dos seus presupostos.

Terceira.-A Consellería de Emigración e Cooperación Exterior xerará crédito na aplicación presupostaria 17.01.213A480.0 (en presuposto prorrogado), polo citado importe, consonte ó artigo 69 do Decreto legislativo 1/99, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Cuarta.-Esta partida deberá financia-los programas 1.- AXUDAS ASISTENCIAIS INDIVIDUAIS, e Programa 2.-AXUDAS ASISTENCIAIS A ENTIDADES GALEGAS que anualmente pon en marcha a Xunta de Galicia, a prol da poboación emigrada.

Quinta.- O orzamento do obxecto do convenio ascende a CATROCENTOS CINCUENTA MIL (450.000) EUROS. Este orzamento será cofinanciado pola Consellería de Emigración e Cooperación Exterior na cantidade de TRESCENTOS MIL (300.000) EUROS, con cargo á partida 17.01.213A480.0 (en presuposto prorrogado), e a cantidade restante de CENTO CINCUENTA MIL (150.000) EUROS, con cargo ós orzamentos da Deputación Provincial da Coruña. A transferencia e a correlativa xeración de crédito deberán formalizarse antes do próximo día 15 de abril do presente ano.

Sexta.-A vixencia do presente convenio será desde o día seguinte ó da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2002.

Sétima.- Co fin de velar pola adecuada execución por parte da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior dos fondos transferidos, e con carácter xeral para asegura-lo cumprimento do presente convenio, créase unha comisión paritaria integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Emigración, da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior, e dous representantes da Deputación Provincial da Coruña. Esta Comisión será presidida por un dos representantes da Dirección Xeral de Emigración e resolverá as dúbidas que xurdan sobre o cumprimento do convenio. Os acordos adoptados neste senso serán inmediatamente executivos. No caso de discrepancias serán resoltas polo conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior, que porá fin a vía administrativa.

Oitava.-O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

Novena.-O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Décima.-Como garantía do seu cumprimento por parte da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior o secretario xeral desta, emitirá certificación de que os fondos achegados pola Excm. Deputación Provincial da Coruña foron destinados ós fins previstos neste convenio, na que se relacionarán os beneficiarios e os importes das axudas concedidas a cada un.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ó seu cumprimento, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas cláusulas.

Esténdese en exemplar duplicado no lugar e data arriba indicados.

O CONSELLEIRO DE
EMIGRACIÓN E COOPERACIÓN EXTERIOR,

O PRESIDENTE DA
EXCMA. DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA

CORUÑA

Asdo. Aurelio Miras Portugal

Asdo. José Luis Torres Colomer”

6.- CONVALIDACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO CONCELLO DE PADRÓN OBRA “ESCULTURA DE MACÍAS O NAMORADO” PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar a abstención do Bloque nos puntos 6, 7 e 8, a convalidación das actuacións do Concello de Padrón e a modificación das condicións da delegación de contratación de obras e subministracións e a ampliación do prazo de execución das obras do Plan XXI de Turismo e Fomento de turismo da natureza, no senso de que, independentemente dos motivos polos que veñen as modificacións, houbo unha votación contraria ó que foron as bases primitivas. Se constata no punto número 8, que efectivamente a ampliación do prazo de execución de obras vese mesmo motivada pola lentitude que teñen os servizos administrativos da deputación para lle dar para adiante a obras que están pendentes de aprobación polo pleno das fases correspondentes ó 2001. En todo caso, unha chamada de atención para que se faga canto antes, porque está incidindo negativamente nos concellos, e sobre todo naqueles que están pendentes de aprobación da fase do 2002, en obras que son plurianuais. En todo caso, insistir no 6, 7 e 8, abstención do BNG.

Sr. Fernández Moreda

Para anunciar o voto, como a representante do Bloque agrupa os tres puntos, anunciar o voto favorable do grupo socialista ós puntos 6, 7 e 8, e explicar tamén por que é favorable. No punto nº 6, a convalidación das actuacións do Concello de Padrón, porque efectivamente houbo un contrato entre o concello e o escultor que fixo esta escultura, antes da aprobación das bases polo Pleno da Corporación, pero ben, é un incumprimento meramente formal que se subsana desta forma, se non fixeramos así estaríamos penalizando ó concello e a súa participación no Plan XXI, de pequenas obras e subministracións. No punto nº 7, modifícanse as condicións de delegación da contratación das obras de subministracións do Plan XXI, ben, permítese que os concellos utilicen o sistema de contrato menor que está previsto na Lei de contratación das Administracións públicas, pois ¿por que se lle vai negar este dereito legal que teñen os concellos? E no punto nº 8, ampliación do prazo de execución, parécenos ben, as propias bases habilitan, poñían o prezo de execución como trinta de abril, paréceme, deste ano, e habilitaba para aprobalo o trinta de novembro, e parece razoable que se lle dea tempo ós concellos para facer as obras, e parece razoable incluso que se planifique doutra forma, ou se programe doutra forma, porque moitos dos retrasos que se producen na execución dos plans prodúcense precisamente porque está a premura do tempo con que se comunica o plan, as bases, o prazo de presentación de proxectos e tal, que materialmente é imposible, e de feito vémosto no punto que aprobamos do Plan 2000 deportes que houbo no ano 98 once fases; no ano 99, seis fases; e estas cousas non son imputables á deputación, nosoutros non o criticamos porque sabemos que non é imputable á deputación, en moitos casos é imputable ós concellos. Entón, hai que dar facilidades ós concellos para que teñan uns prazos cómodos, para que poidan cumprir as súas obrigas e non se orixinen demoras nin atascos na tramitación de proxectos.

Polo tanto, porque son cousas que consideramos que son lóxicas, naturais, pois o voto vai ser favorables nestes tres puntos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Analizados os informes que constan no expediente: convalidar as actuacións realizadas polo Concello de Padrón para adxudicar a obra “Escultura de Macías o Namorado”, concello de Padrón cód. 01.4200.0044.0, incluída na primeira relación de

obras e subministracións do Plan XXI de pequenas obras e subministracións aprobada polo Pleno Corporativo o 27 de xullo pasado.”

7.- MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DE DELEGACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓN DO PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓN.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Autorizar ós concellos incluídos no Plan XXI de pequenas obras e subministracións municipais do que as bases foron aprobadas polo Pleno da Excma. Deputación Provincial na sesión do 16 de maio de 2001, a utilización do sistema do contrato menor recoñecido na normativa da contratación das Administracións públicas, e máis concretamente no artigo 56 do R.D.L. 2/2000 polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.”

8.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PLAN XXI DE FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Ampliar o prazo de xustificación dos investimentos incluídos no Plan XXI de fomento do turismo de natureza, ó abeiro da habilitación que para tal efecto realizan a base oitava das de convocatoria do plan aprobadas polo Pleno Corporativo na sesión do 16 de

maio de 2001, e polo artigo 49 da Lei 13/1992 de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O novo prazo no que os concellos deberán xustificar a execución das obras perante a deputación finalizará o vindeiro 30 de novembro de 2002.

2.-Publicar a modificación das bases do plan contida no presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

9.- PROPOSTA CONVENIOS SERVICIOS SOCIAIS EN 11 CONCELLOS DA PROVINCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a sinatura do convenio para desenvolvemento de Servicios sociais de atención primaria, o texto axúntase ó presente dictame, cos concellos de Frades, Mesía, Oroso, Tordoia, Trazo, Cabanas, Carnota, Mugaros, Valdoviño, Carral e Irixoa.

CONVENIO DE COOPERACIÓN CO CONCELLO DE _____ EN GARANTÍA DE PRESTACIÓN, IMPLANTACIÓN E FUNCIONAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS MUNICIPAIS.

A Coruña, de de 2002 na sede da Deputación provincial.

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, D. José Luis Almau Supervía.

Doutra, D. , alcalde-presidente do Concello de _____

Ambos interveñen (en función dos seus cargos) e en uso das facultades que lles están atribuídas.

Dá fe do acto o secretario xeral da Excma. Deputación Provincial, D. José Luis Almau Supervía.

EXPOÑEN

1. Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña ten competencias en materia de servizos sociais, segundo as disposicións da Lei de servizos sociais 4/93 do 14 de abril, no seu artigo 22, así como no artigo 5 do Decreto 240/95 (que regula os servizos sociais de atención primaria) competencias que se concretan no apoio ós concellos económico, técnico e xurídico para implantación e funcionamento dos servizos sociais, e especialmente ós de menos de 20.000 habitantes.

2.- Que os concellos así mesmo, en virtude das previsións da citada Lei 4/93 e do Decreto 240/95 teñen atribuídas competencias para a prestación de servizos sociais.

3.- Que as citadas entidades, estableceron un convenio de cooperación, ó abeiro dos artigos 57 e seguintes da Lei de réxime local, e do 198.3 da Lei 5/97 de Administración local de Galicia, así como das Bases de convocatoria de subvencións para servizos sociais municipais, publicadas por esta deputación coa finalidade de garantir a prestación integral e adecuada dos servizos sociais de competencia municipal, no territorio provincial, que finaliza o 31 de decembro de 2001; sendo de interese para estas, manter a dita cooperación nas condicións especificadas neste convenio.

4.- Que para a formalización deste convenio existe consignación orzamentaria na aplicación 0701.313.K/462.00.

Polo exposto, estableceñse os termos desta colaboración co Concello de conforme ás seguintes

CLAÚSULAS

Primeira.-Fins

O presente convenio establécese para dar continuidade ó desenvolvemento dos servizos sociais de competencia municipal a prestar polo Concello de

Segunda.-Obxectivo

O obxectivo desta cooperación consiste na axuda para as retribucións do persoal que se especifica no proxecto de traballo, directamente adscrito ós servizos de: (Información/Orientación, Apoio á unidade de convivencia e Axuda a domicilio) segundo proxecto que se achega como anexo I.

Terceira.-Achega económica.

Para atención dos servizos sociais municipais expresadas na cláusula 2ª, a deputación achegará as contías que se expresan nos períodos seguintes:

1º período 2002: euros

2º período 2002: euros

A partir das cantidades pactadas, incrementarase co importe do IPC do exercicio 1-1-2002 e 1-1-2003.

O concello poderá concorrer á convocatoria de calquera outra axuda ou subvención destinada ós mesmos programas, para o financiamento de conceptos non cubertos por esta achega.

Para o pagamento do período 2002 está prevista a consignación na partida 0701/313K/462.00, do orzamento do ano 2002.

Cuarta.-Compromiso municipal

O Concello de comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do convenio e a completar no necesario coa súa achega económica o custo dos programas obxecto do convenio, así como a xustificar a súa realización ante a Deputación provincial nas condicións e prazos que se detallen. Calquera variación no proxecto presentado terá que ser solicitada mediante escrito razoado. En ningún caso poderá supoñer incremento da cantidade total comprometida pola deputación.

Quinta.-Requisitos para o pagamento

Pagamentos:

1º Período 1-1-2002/31-12-2002

O 75% da dita anualidade a partir da sinatura do presente convenio.

O 25% restante, trala xustificación que se realizará antes do 31 de marzo de 2002.

2º Período 1-1-2003/31-12-2003

O 75% unha vez aprobado o proxecto anual e xustificado o período anterior.

O 25% restante trala xustificación que se realizará antes do 31-3-2004.

O 25% da achega a provincial que se librára ó final de cada período, require achega de memoria e certificación de pagamentos efectuados por retribucións ó persoal directamente adscrito ós servizos obxectos de convenio, encadrados nos servizos de Atención primaria,

e dos ingresos obtidos para os mesmos conceptos e programas doutras administracións públicas.

A xustificación requerirá informe dos Servicios Sociais e do Servicio de Contratación.

En ningún caso o importe total da achega provincial poderá ser de tal contía que, en concorrencia coas doutras administracións públicas para a mesma finalidade, exceda do importe total xustificado.

Sexta.-Seguimento

O seguimento do dito Proxecto de actuación efectuarase co apoio técnico da Sección de Servicios Sociais da deputación, que poñerá a disposición dos concellos os medios de que dispón.

Sétima.-Prazo

O presente convenio terá unha vixencia comprendida entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2003.

O presente convenio queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio (art. 69 RD 2/2000).

Oitava

No caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ó reintegro do percibido máis os intereses de mora devengados. Para a materialización efectiva do dito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do concellos xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro incluso por compensacións, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

O incumprimento non xustificado das cláusulas do convenio será causa de rescisión deste.

Novena.-

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación co mesmo serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo pleno da corporación en sesión celebrada o día

E en proba de conformidade ambas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data expresados no encabezamento

O presidente da deputación

O alcalde presidente do
Concello de

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.:

O secretario da deputación

Asdo.: José Luis Almau Supervía”

10.- BASES DA CONVOCATORIA DOS PROGRAMAS DO PLAN DE APOIO VECIÑAL, DIRIXIDOS ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DOS CONCELLOS DE MÁIS DE 50.000 HABITANTES PARA O ANO 2002.

INTERVENCIONES

Sra. Santiago López

Cando nesta deputación se presentaba, seguramente como plan “estrela” desta lexislatura, o noso grupo mostrouse radicalmente en contra deste proxecto. Este Plan de apoio veciñal, que está resultando ser oportunista, seguramente descarado e cunha utilidade máis que evidente, canto menos para o grupo que goberna esta deputación. Insistimos en que non nos parece oportuno, nin moitísimo menos, o investimento que está facendo, e non porque as entidades veciñais non merezan unha atención por parte desta deputación, nin moitísimo menos, é de recoñecer o traballo que se realiza en diferentes ámbitos, pero si que nos parece desmesurada, e sobre todo tendo en conta que van dirixidos única e exclusivamente a concellos de máis de 50.000 habitantes, o cal parece bastante curioso que dos tres concellos desta provincia que cumpren estes requisitos en ningún deles goberne o Partido Popular e ben, a estas alturas, cos investimentos que se levan facendo desde que se

iniciou este plan de apoio veciñal, pois parece máis que demostrado que teñen unha finalidade francamente inquietante. Insistimos en que se reconsideren estas actuacións; hai moitas necesidades que seguramente a través dos concellos poderían ir dirixidos ás entidades veciñais, en programas de actuación para tódolos concellos da provincia, en con estes fondos que se están investindo é máis que probable que a actuación que se puidese facer puidese cubrir tódolos concellos da provincia, como digo. O noso voto, obviamente, vai ser contrario.

Sr. Fernández Moreda

O voto do grupo socialista vai ser tamén negativo neste caso, creo que non sorprende a ninguén. Cando se habilitaron as partidas no orzamento do ano 2000, 2001 e 2002, o grupo socialista emendounas porque consideramos que isto é algo totalmente innecesario, de verdade eu creo que ten un interese puramente político-electoral, é dicir, crear varias partidas no orzamento de 440 millóns de pesetas, que por catro anos, se se mantén, son 1.700 millóns de pesetas, para asociacións de veciños de cidades de máis de cincuenta mil habitantes non teñen ningunha explicación, máis -e dígoo, como di o outro, sen acritude e con total seriedade-, máis que intentar utilizar isto para obter uns fins electorais ou políticos, que son lícitos pero que non consideramos que sexan apropiados. Tódalas cuestións que se están facendo con este apoio ás comunidades veciñais pódense facer os concellos; ¿que pinta unha comunidade de veciños en apoio da loita contra a drogadicción, se hai asociacións específicas de loita contra a droga?, ¿que pintan asociacións de veciños contratando monitores de tempo libre se xa os contrata o concello? á parte, cando se retire isto, estamos xerando unhas necesidades que ¿imos seguir mantendo permanentemente no tempo?, ¿imos destinar 440 millóns tódolos anos ás asociacións de veciños da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela.? Eu creo que non; eu creo que esta partida pódese destinar ós concellos, porque os concellos fan as cousas que están facendo as comunidades de veciños.

(Entra o Sr. González Garcés).

Polo tanto, gustaríanos que isto non se continuase facendo nun futuro, porque consideramos que non é necesario, é dicir, que foi unha finalidade política, que é froito tamén da inocencia, porque un, a pequena experiencia que ten, é que cando un lle dá a unha asociación unha subvención, a calquera tipo de asociación, non vai captar ningún voto, porque cada asociado é de seu pai e da súa nai, e non agradecen nada. E por outra parte, pois non o sei, pero as cousas son como son e é difícil cambialas mediante este tipo de actuacións.

E dito isto, o ano pasado, que tamén viñeran estas bases ó pleno, eu tiven unha intervención moi breve, de cinco liñas, dicindo que íamos votar en contra, e respondeunos o Sr. Crepo, e respondeunos moi ben e convenceunos, non ata o punto de facernos cambiar o sentido de voto, pero si que nos convenceu porque dixo, sen pedirlle contas nin explicacións, dixo: “este ano estamos falando aquí dun proxecto como facíamos o ano pasado, un proxecto que atribúo a posibilidade de desenvolvemento ó movemento asociativo a grandes cidades e onde evidentemente asumimos as críticas que se nos facían, e eu mesmo ó terminar a miña intervención, que me tocara defender naquel momento, prometín seriamente, e así espero cumprir, que despois de facer unha avaliación dese plan, se fracasabamos e non se conseguían os obxectivos que se propoñían, que se suprimiría ou se cambiaría” -e segue dicindo:- “estase redactando a memoria do ano pasado, e poderémoslla ofrecer a tódolos grupos.” Pois eu pido que nos fagan chegar esa memoria do ano pasado. E despois seguía o Sr. Crespo dicindo: “teño unha admiración que di que quedarán positivamente sorprendidos do éxito do programa”. Ben, pois esperamos quedar sorprendidamente sorprendidos do éxito do programa, pero en calquera caso o éxito do programa vaise ver dentro dun ano, e vai ser un fracaso total e absoluto.

Eu rógolles que reconsideren este tema; é moito diñeiro para asociacións de tres cidades da provincia. Se se quere facer, fágase para todos, pero se se quere facer seriamente, déaselle este diñeiro ós concellos, para que os concellos fagan o que están facendo xa: loitar contra as drogas, fomentar o emprego, favorecer o coñecemento, e as medidas que están vostedes favorecendo desde as asociacións de veciños, como a contratación de monitores de tempo libre, porque isto nun momento vaise terminar, e estamos xerando unha necesidade, que non é reivindicada nin reclamada por ninguén, e que ó mellor obriga a seguir mantendo uns tipos de programas que ninguén quere e ninguén está de acordo con eles. Máis nada e moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Varela Rey

En parte coincidimos co grupo socialista cando sinala que nunha asociación de veciños as persoas son de todo tipo de cor política, e que non polo feito de promover este tipo de programas se vai modificar, co cal, eu creo que o que facía é desmontar xustamente a primeira parte da súa intervención, onde dicía que tiña carácter político, pois máis nada lonxe da realidade. O que se fai con este tipo de programas, desde a Deputación provincial permanentemente hai unha sensibilidade especial no apoio dos concellos de menos habitantes, parece que é o fundamento da actuación desta institución, aqueles máis desfavorecidos en todo tipo de programas de actuacións, pois é onde hai esa sensibilidade. E ás veces tamén se deixa de lado a eses tres grandes concellos, os tres grandes da provincia da Coruña, e no seu momento pareceu que podería haber unha oportunidade de apoio. Cando se fala de apoio a temas de drogadicción, estamos falando dun tema puntual e

particular, pero eu creo que é un conxunto de actuacións, sobre todo que permitan promover en maior medida o asociacionismo, que permitan ter unha maior cantidade de recursos no ámbito económico para tódolos veciños destas grandes cidades, e fundamentalmente o que fai a deputación é ofrecer os aspectos materiais para que eles desenvolvan aquelas actividades que consideren máis necesarias. Ben, é certo que calquera asociación de veciños ten unha serie de actividades que parecen claras, pero fundamentalmente, se facilitas locais, se facilitas, sobre todo, novas tecnoloxías, incorporando medios para que a xente se poida reunir, eu creo que aí o que estamos é promovendo unha maior participación dos colectivos naqueles temas que poidan ser preocupantes para calquera destas cidades. E esa é xustamente a motivación que levou ó grupo de goberno a promover este tipo de actuacións e de investimentos, importantes, porque tamén é importante a poboación da que estamos falando. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Vou ser moi breve. Eu non xulgaba as intencionalidades, intentaba xulgar só os resultados. Pero se falamos de intencionalidades e vostede dáme pé, pois están claras, é dicir, ¿é que os cidadáns do resto dos municipios non teñen dereito ó coñecemento da sociedade informática?, por certo, si coas aulas informáticas que se fan a través dos municipios, ¿por que non se fan aquí a través dos concellos?, ¿ou non teñen dereito a que se loite contra a drogadicción, que tamén se fai a través dos concellos?, ¿por que esta distinción? Home, os resultados están claros, vanse ver cando se teñan que ver. ¿A intencionalidade? Está clara; ¿por que se fai na Coruña?, e dígoo co maior dos respectos e por favor que ninguén se sinta molesto porque non é a miña intención ofender, pero é dicir a verdade, o Sr. Erias, Vicepresidente da deputación, é o candidato da Coruña; o Sr. Dositeo, vicepresidente da deputación, é o candidato de Santiago e o Sr. Juan Blanco, vicepresidente da deputación, é o candidato de Ferrol. Ben, pois máis claro, auga... -ben, non sei se “ex-”, desde logo o anterior; máis claro, auga. O que estou dicindo é que se suprima isto, home, que todo isto se pode conseguir a través dos concellos, como se fai no resto dos concellos da provincia. Pero ben, non quere entrar sobre o tema, abrir o debate outra vez, simplemente como vostede me dicía de que eu dixera que cada un é de seu pai e da súa nai, certo, a xente non vota porque lle deas unha subvención, a xente vai votar en función do que pensa ou das consideracións que faga, o tratar de conseguir votos pensando nas subvencións é unha manifestación de inocencia política. Agora, iso é prexulgar o resultado; a intencionalidade eu sei cal é, e que o resultado sexa este, como eu creo que vai ser non implica que a intencionalidade non fora esa, eu estou convencido de que esa é a intencionalidade; agora é a miña palabra e é a miña opinión, e non vale máis cá miña opinión e que a miña palabra. Máis nada e moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Varela Rey

Loxicamente o voceiro socialista apuntaba os nomes de tres deputados aquí presentes, de tres amigos, que é obvio, claro, son candidatos, ou foron candidatos na Coruña, como outros fomos doutras localidades, pero iso en ningún caso motiva que a planificación desta institución en ningún caso vai estar en función dunha persoa, de dous, de tres, ou de catro. E loxicamente, como lle amosaba ó voceiro socialista, en ningún caso esta é a motivación que nos leva, tal como vostede sinalaba. Nosoutros reiterabámonos, e ademais parécenos moi ben, que está moi ben argumentada a súa afirmación: é dicir, a xente é madura, a xente sabe o que quere, a xente sabe como teñen que posicionarse, o partido que sustenta o goberno, o Partido Popular, cando concorre a unha situacións electorais non ten que motivarse ou basearse en ningún tipo de actuación desde a deputación, para iso ten un ideario político, para iso ten unha liña de actuación clara e ampla onde o cidadán vai valorando, non por unha situación puntual e concreta. Entón, nese ideario eu creo que é xustamente onde se van ver os resultados. Moitas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-las bases da convocatoria dos programas do Plan de apoio veciñal, dirixidos ás asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes, para o ano 2002, segundo o seguinte texto:

Convocatoria para a participación nos programas do Plan de apoio veciñal, dirixidos ás asociacións de veciños dos concellos de máis de 50.000 habitantes para o ano 2002

1.-FINALIDADE E OBXECTO.

O Plan de apoio veciñal é un programa que desenvolve a Deputación da Coruña coa finalidade de fomentar a participación veciñal na mellora da súa propia realidade sociocultural. As asociacións veciñais teñen no Plan de apoio veciñal un instrumento de mellora da súa propia realidade, obtendo así os medios necesarios para implicar ós seus veciños no fortalecemento dos lazos cidadáns, para procurar que cada comunidade atope maiores cotas de benestar, especialmente para os nosos maiores e para os mozos e mozas que queiran atopar un emprego.

A participación neste Plan de apoio veciñal implica a aceptación do libre compromiso por parte da asociación de veciños na consecución dos seguintes obxectivos:

- 1.- Promover estilos democráticos que aumenten a participación veciñal nos asuntos que lle son propios.
- 2.- Facilitar a inserción de todos os veciños na Sociedade da Información e do Coñecemento.
- 3.- Implicarse na inserción laboral dos veciños e veciñas, especialmente dos xoves.
- 5.- Involucrarse na mellora da calidade de vida dos nosos maiores.
- 4.- Na mellora da xestión e organización da asociación de veciños.
- 5.- Na cooperación leal coas institucións que promoven e participan no Plan de apoio veciñal.
- 6.- Facilitar a integración dos veciños na vida local.
7. Aumentar a participación veciñal nas actividades socioculturais que as asociacións programen.
- 8.- Con carácter xeral, fortalecer a participación cidadán, democrática e activamente.

A participación no Plan de apoio veciñal 2002 concrétese nos seguintes programas obxecto desta convocatoria:

A.-Programa de actividades, dirixido a subvencionar programas de actividades que realicen as asociacións veciñais.

B.-Programa de investimentos, orientado a mellorar as instalacións, acondicionar os espazos e dotar de equipamentos necesarios para realizar as actividades que realizan as asociacións veciñais.

C.-Programa de adquisición ou construción de locais (incluíndo os terreos edificables necesarios) e o seu equipamento, encamiñado a creación de centros onde se desenvolvan as asociacións veciñais e se promova e facilite a convivencia entre tódolos veciños.

D.-Programa de acceso ás novas tecnoloxías, dirixido á creación de aulas informáticas e á realización de programas formativos, nas propias sedes das asociacións veciñais, para que os cidadáns dos barrios e parroquias poidan acceder á Sociedade da Información e do Coñecemento.

E.- Programa de animadores veciñais, destinado a dotar de técnicos especializados en diversas materias, para que asesoren e promovan a mellora das asociacións de veciños.

O obxecto dos programas presupostarios mencionados anteriormente é o apoio ás asociacións de veciños na creación ou no mantemento de actividades, na construción ou mellora de infraestruturas, así como a dotación de equipamentos e a contribución de técnicos especializados, nas programacións que desenvolvan en materia de cultura, deporte, inserción no mundo do traballo e loita contra a drogodependencia, en función do disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local; no Regulamento de servizos das corporacións locais; na Lei 4/1993, de servizos sociais de Galicia, e no Decreto 240/1995, que a desenvolve; na Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Con cargo ó presuposto da Deputación para o ano 2002, por considerar que estas asociacións cumpren unha función fundamental de integración social, solidariedade, axuda mutua e elevación do nivel cultural especialmente importante nos barrios das grandes cidades, convócanse, para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2002, as subvencións e apoios que de seguido se detallan:

Serán obxecto das solicitudes as actuacións nas seguintes materias:

A.-PROGRAMAS DE ACTIVIDADES.

Aplicación presupostaria 0601/469B/48999.

A.1.-Programas de interese veciñal: conferencias, cursos e seminarios de temas de actualidade, ...

A.2.-Programas de difusión cultural: teatro, música, danza, exposicións, cine, folclore, concertos, .

A.3.-Programas de actividades de creación: obradoiros de manualidades, coros, bailes rexionais...

A.4.-Programas de cultura popular: magosto, nadal, ... (quedan excluídas as festas patronais)

A.5.-Programas artísticos: realización de obradoiros de literatura, artes plásticas, semanas culturais, feiras do libro, animación á lectura, ...

A.6.-Programas de actividades ao aire libre: excursións, acampadas e campamentos, sendeirismo

A.7.-Programas de actividades deportivas: deporte para todos, deporte de base, ...

A.8.-**Programas de inserción no mundo laboral:** programas de formación de habilidades para o emprego, programas de promoción de mozos emprendedores, ...

A.9.-**Programas de saúde:** programas de prevención das drogodependencias, programas de educación para a sexualidade, programas de bos hábitos de alimentación, programas de coidado de persoas con minusvalías, atención á terceira idade, ...

B.-PROGRAMA DE INVESTIMENTOS.

Aplicación presupostaria 0601/469B/78999.

B.1.-**Mellora das infraestructuras:** mellora da calefacción, instalación eléctrica, liñas de teléfono, pequenas reparacións de albanelería, ventás, pinturas, ...

B.2.-**Acondicionamento dos locais:** merca de mobles, tarimas para representacións, estanterías, ..

B.3.-**Dotación de equipamento:** merca de material de oficina, equipos de audio e televisión,

C.-PROGRAMA DE ADQUISICIÓN OU CONSTRUCCIÓN DE LOCAIS (INCLUÍNDO OS SOLARES NECESARIOS) E O SEU EQUIPAMENTO.

Aplicación presupostaria 0601/469B/62999.

Considerando que na actualidade as asociacións de veciños desenvolven a súa actividade, en gran número de casos, en locais inadecuados, e en xeral cunha precariedade de medios que dificultan o seu traballo, de maneira especial nas grandes cidades, a Deputación Provincial pretende, nun horizonte plurianual, dotar ás asociacións de veciños que o precisen de locais adecuados para o pleno desenvolvemento das súas actividades, en función do disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, e no RDL 2/2000 do 16 de xuño, do texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

A esta partida imputarase de xeito prioritario e segundo o caso, a cantidade necesaria para completar a dotación precisa para a construción e equipamento dos locais comprometidos pola Deputación en convocatorias anteriores.

Será obxecto do presente programa a adquisición ou construción de locais, incluíndo os solares necesarios, e o seu equipamento pola Deputación para a súa cesión ás asociacións de veciños que teñan o seu domicilio social en concellos de máis de cincuenta mil habitantes, que desenvolvan as súas actividades en instalacións notoriamente deficientes.

As adquisicións faranse segundo a fórmula xurídica correspondente, cedéndose ás asociacións o seu uso por un período de dez anos prorrogables, en función das condicións que no convenio correspondente se estipulen.

D.-PROGRAMA DE ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS.

Na actualidade, o acceso ós novos sistemas de información e comunicación é unha necesidade fundamental para o normal desenvolvemento das entidades que prestan servizos ós cidadáns; é por isto polo que a Deputación Provincial pretende, nun horizonte plurianual, dotar ás asociacións de veciños que o precisen dun soporte informático axeitado para o pleno desenvolvemento das súas actividades.

Co ánimo de facilitar o acceso ás novas tecnoloxías a Deputación da Coruña continuará neste ano no marco do seu programa BÁSICO, coa creación e ampliación da rede de aulas informáticas veciñais, introducindo as melloras que se estimen oportunas en íntima colaboración coas asociacións veciñais comprometidas co Plan de apoio veciñal.

Serán obxecto do presente programa as seguintes liñas de acción:

D.1.-Creación de "aulas informáticas".

Aplicación presupostaria 0601/469B/62999.

Adquisición, instalación e cesión de postos informáticos conectados ás principais redes de información, por parte da Deputación.

As adquisicións faranse a través da fórmula xurídica correspondente, cedéndose ás asociacións o seu uso por un período de dez anos prorrogables, en función das condicións que no convenio correspondente se estipulen.

Con cargo a este programa, a Deputación da Coruña prestará a través da oportuna contratación o seu programa de formación en novas tecnoloxías.

D.2.-Apoio á formación en novas tecnoloxías.

Aplicación presupostaria 0601/469B/48999.

Programa orientado á realización de gastos derivados do uso das aulas, tales como consumibles (cartuchos de tinta, disquetes ...), así como a realización de programas formativos complementarios ao programa formativo da Deputación.

A participación neste programa estará vinculada á participación do programa formativo en novas tecnoloxías da Deputación da Coruña.

E.-PROGRAMA DE ANIMADORES VECIÑAIS.

Este programa que se realiza necesariamente coa colaboración da Xunta de Galicia, será obxecto neste ano 2002 dunha convocatoria específica.

2.-SOLICITANTES.

Poderán optar aos presentes programas as asociacións de veciños que cumpran os seguintes requisitos:

- * Estar legalmente constituídas.
- * Ter ámbito local segundo o seu título constitutivo e o seu domicilio social en concellos de máis de 50.000 habitantes na provincia da Coruña.
- * Carecer de fins de lucro.
- * Ter como fins institucionais primordiais a defensa e representación dos intereses dos veciños dun barrio, parroquia ou distrito determinado.
- * Ter xustificado, no prazo regulamentario, as axudas económicas concedidas con anterioridade da Deputación da Coruña.
- * Estar rexistrada coma asociación de veciños nos correspondentes rexistros municipais e no Rexistro de Asociacións de Galicia.
- * Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- * Estar ó día nas súas obrigacións tributarias coa Deputación Provincial.

3.-CONDICIÓN.

3.1.- Condicións comúns para tódolos programas:

O importe das axudas non superará o 90%, do *Presuposto estimativo de gastos* presentado.

Non poderán ser obxecto de axudas na presente convocatoria os programas subvencionados no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de planos provinciais da Deputación.

3.2.- Condicións para os programas de subvencións para actividades e investimentos:

Nos programas de subvencións para actividades e investimentos para a concesión primarase o maior esforzo económico que a realización das actividades ou investimentos supón para a entidade solicitante; a cuantificación deste esforzo económico virá determinada polo *coeficiente de financiamento* fixado polo solicitante, tal como ven definido nesta convocatoria.

3.3.- Condicións para o programa de adquisición ou construción de locais, incluíndo os terreos edificables necesarios, e o seu equipamento:

A Deputación adquirirá ou construíra os locais, incluíndo os terreos edificables necesarios, e equiparaos para a súa cesión de uso en precario ás asociacións, tendo en conta o número de asociados e o grao de precariedade das súas instalacións.

A Deputación asumirá a redacción dos contratos no caso de adquisición de locais, ou proxectos, no caso de construción e equipamento, así como a adquisición dos solares onde emprazar estes, que deberán ser aprobados polas asembleas xerais das asociacións, e licitará as obras correspondentes, subscribindo convenios coas asociacións que, igualmente, deberán ser aprobados polas mencionadas asembleas.

A cesión do uso do local ás asociacións de veciños realizaranse mediante convenio entre a Deputación e as asociacións, no que se recollerán polo menos as seguintes condicións da cesión:

* As asociacións asumirán o compromiso de dedicar o local a actividades propias do seu obxecto social; se se incumprise esta obriga, a Deputación deixará sen efecto a cesión.

Non obstante, a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a cesión de uso, cun preaviso de seis meses, sen que dea lugar a dereito a indemnización algunha á asociación.

* As asociacións comprométense a manter adecuadamente os locais. Estes gastos de mantemento, así como os de teléfono, gas, auga, electricidade e aqueloutros que deriven do uso do local serán por conta das asociacións.

* As asociacións non poderán realizar obras nos locais sen a autorización expresa da Deputación.

No caso de disolución das asociacións, a Deputación, deixará sen efecto a cesión e os locais reverterán á Deputación.

No caso de fusión con outra asociación que tivese a mesma finalidade, será preciso a autorización previa da Deputación que tramitará a cesión dos locais á nova asociación, nas mesmas condicións que a cesión inicial.

3.4.- Condicións para os programas de acceso ás novas tecnoloxías:

A Deputación adquirirá e instalará os equipos informáticos para a súa cesión de uso en precario ás asociacións, tendo en conta o número de asociados e o grao de precariedade dos medios cos que contan na actualidade.

Cada un dos equipos informáticos estará integrado polos elementos que determinen os servizos técnicos da Deputación.

A Deputación asumirá a adquisición e instalación dos equipos informáticos, despois da contratación da correspondente subministración.

A cesión do uso dos equipos informáticos ás asociacións de veciños realizarase mediante convenio entre a Deputación e as asociacións, no que se recollerán polo menos as seguintes condicións da cesión:

* As asociacións asumirán o compromiso de dedicar os equipos informáticos a actividades propias do seu obxecto social e á realización de actividades docentes para os veciños. Se incumprise calquera destas condicións, a Deputación deixará sen efecto a cesión.

* As asociacións subscribirán unha póliza de responsabilidade civil polo uso dos equipos informáticos.

* A cesión de uso en precario terá un prazo de 10 anos. Este prazo poderase prorrogar por períodos de cinco anos, ata un máximo de 30; a prórroga requirirá acordo expreso da Deputación. Non obstante, a Deputación, en calquera momento e en función das

súas necesidades, poderá deixar sen efecto a cesión de uso, cun preaviso de seis meses, sen que dea lugar a dereito a indemnización algunha á asociación.

* As asociacións comprométense a manter axeitadamente os equipos informáticos, sendo estes gastos de mantemento por conta das asociacións, a excepción dos gastos que se cubran no período de garantía do equipamento.

* Cada ano publicarán os servizos técnicos do Plan de apoio veciñal, unha Guía de uso das aulas nas que se recollerán estas e outras indicacións para o mellor uso delas.

No caso de disolución das asociacións, a Deputación deixará sen efecto a cesión e o equipamento reverterá á Deputación.

No caso de fusión con outra asociación que tivese a mesma finalidade, será preciso a autorización previa da Deputación, que tramitará a cesión dos equipos informáticos á nova asociación, nas mesmas condicións cá cesión inicial.

3.5.- Condicións para o programa de solicitude de animadores veciñais:

As condicións para a participación neste programa estipularanse na convocatoria específica publicada para o efecto durante este ano 2002.

4.-DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral da Deputación, no Servizo de Fomento e a través da web da Deputación (www.dicoruna.es).

4.1.- Documentación xeral:

No caso de ter presentada en convocatorias anteriores algunha da documentación referida nos puntos A, B e C, e non ter sufrido nelas modificación algunha, non será preciso entregala de novo de acordo coa Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.

A.-Fotocopia compulsada dos estatutos.

B.-Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da asociación e do NIF do representante.

C.-Certificación da inscrición no rexistro municipal correspondente e no Rexistro Xeral de Asociacións.

D.-Acreditación, na forma establecida nas ordes do Ministerio de Economía e Facenda, do 28 de abril de 1986, e do 25 de novembro de 1987, de que se atopan ó día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E.-Certificación dos datos bancarios da asociación, segundo modelo aprobado pola Deputación.(Anexo 1 impresos de solicitude).

F.-Certificación do acordo asembleario no que se aproba participar nestes programas e do nomeamento do representante para as súas relacións coa Deputación. (Impresos de solicitude).

G.-Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria. (Impresos de solicitude).

H.-Certificación da composición da actual xunta directiva, especificando a duración do seu mandato. (Impresos de solicitude).

I.-Certificación do número de socios activos. (Impresos de solicitude).

J.-Memoria das actividades desenvolvidas no ano 2002. (Anexo 2 dos impresos de solicitude).

4.2.- Documentación específica que se ha acompañar cos programas de subvencións para actividades:

K.-Programa das actividades que se van realizar, que fará mención ás persoas beneficiarias directa ou indirectamente pola axuda e o calendario fixado. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

L.-Presuposto estimativo dos programas. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

M.-Importe da subvención solicitada que, con carácter xeral, non poderá superar o 90% do presuposto estimativo de gastos. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

N.-Persoal que executa as actividades. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

4.3.- Documentación específica que se ha acompañar cos programas de subvencions para investimentos:

Ñ.-Programa de investimentos que se van realizar. (Anexo 4 dos impresos de solicitude).

O.-Presuposto estimativo de gastos. (Anexo 4 dos impresos de solicitude).

P.-No caso de solicitude de realización de obras: memoria estimada ou proxecto de técnico competente.

Q.-Importe da subvención solicitada que, con carácter xeral, non poderá superar o 90% do presuposto estimativo de gastos.

R.-Para a realización de obras: documento que engada a autorización para a realización das obras, da Administración ou organismo propietario do local e acreditación da propiedade ou documento que acredite o seu uso por parte da asociación de veciños.

4.4.- Documentación específica que se ha acompañar cos programas de dotación de locais:

S.-Memoria xustificativa da necesidade do local, xunto con planos e fotografías do local co que contan na actualidade indicando se é propiedade da asociación ou se é alugado.

T.-Escritura da propiedade do local ou contrato de arrendamento ou certificado de non contar con local onde realizar as actividades.

U.-Condicions mínimas do local que se solicita; superficie, distribución, estimación económica da solicitude e proposta de emprazamento.

4.5.- Documentación específica que se ha acompañar co programa de acceso ás novas tecnoloxías:

V.-Esbozo da aula de informática onde se instalarán os equipos solicitados.

A documentación que se entregue en fotocopia virá debidamente compulsada. As compulsas na Deputación da Coruña serán gratuítas no ano 2002.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser emendado no prazo de quince días dende a recepción do requirimento.

A documentación que xa fose achegada en anos anteriores ou a través do programa de subvencións e que non sufrirá variación algunha, non terá que ser achegada.

5.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación e na forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte días naturais**, contados a partir do día seguinte ó de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial de Provincia.

A Deputación habilitará un teléfono de contacto e un enderezo de correo electrónico para resolver calquera dúbida. (V. impresos de solicitude)

6.-RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS.

A concesión das subvencións realizarase mediante resolución da Presidencia, a proposta motivada dunha comisión avaliadora composta polos seguintes membros e requirirá informe-proposta do Servicio de Fomento:

Presidente: vicepresidente segundo da Deputación.

Vocais: presidente da Comisión de Cultura e 2 deputados designados polo presidente da Deputación.

Na comisión actuará como secretario, sen voto, un funcionario do Servicio de Fomento.

6.1.- Na selección das peticións dos programas para actividades e investimentos, a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- * Programa de actuacións e adecuación ós intereses provinciais: 50%.
- * Número de socios activos e persoas beneficiadas polo programa: 20%.
- * Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: 10%.

* Persoal voluntario que participa na execución das actividades: 20%.

Unha vez resolta a concesión, que deberá notificárselle ó interesado de forma fidedigna, asinarase un convenio marco entre a Deputación e a asociación no que se recollan os compromisos entre as partes, que se formalizará, en todo caso, con anterioridade ó aboamento do primeiro prazo.

A falta de resolución expresa das solicitudes, por parte da Deputación, producirá efectos desestimatorios transcorridos nove meses, a partir da entrada en vigor do presuposto da Deputación para 2002. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

6.2.- A selección das peticións de subvencións para o programa de construción ou adquisición e equipamento de locais pola Deputación, determinarase de acordo cos seguintes criterios de ponderación:

* Memoria das actividades desenvolvidas con anterioridade e programa das que se van realizar e adecuación aos intereses provinciais: 40%.

* Condicións do local onde se desenvolven as actividades na actualidade ou, no seu caso, a súa carencia: 30%.

* Número de socios activos e persoas beneficiadas polo programa: 20%.

* Presuposto da solicitude: 10%.

En ningún caso poderán seleccionarse solicitudes cun presuposto total por enriba da dotación presupostaria de partida 0601/469B/62999 de aplicación.

Unha vez realizada a selección, a Deputación procederá á realización dos trámites correspondentes para a adquisición ou construción dos locais e o seu equipamento segundo o disposto nas bases do presente programa.

6.3.- A selección das peticións para o programa de acceso ás novas tecnoloxías, determinarase de acordo cos seguintes criterios de ponderación:

* Adecuación do programa de utilización da aula de informática ós fins do plan de apoio veciñal e complementariedade cos outros programas dirixidos ás asociacións de veciños: 50%.

* Número de socios activos e persoas destinatarias do programa: 20%.

* Persoal voluntario que participa na execución das actividades e interese da asociación en contar con animadores veciñais (programa E): 20%.

* Adecuación dos programas formativos presentados coas finalidades do programa: 10%.

Unha vez realizada a selección, a Deputación procederá á realización dos trámites correspondentes para a adquisición e instalación dos equipos informáticos segundo o disposto nas bases da presente convocatoria.

7.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

7.1.- Prazo de xustificación dos programas de subvención de actividades (A), investimentos (B) e novas tecnoloxías (D.2).

O prazo para a xustificación das subvencións será de nove meses contados a partir da data de notificación da concesión da subvención, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou a proposta razoada da unidade xestora.

Se non se presentase a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Presidencia iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final seralle notificada ó interesado e á Intervención Provincial para o seu reflexo contable.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto da Deputación para o ano 2002.

7.2.- Consideracións xerais.

1.- A xustificación realizarase de xeito individualizado por cada programa subvencionado.

2.- Para os efectos de xustificación das subvencións, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe de subvención solicitado e o importe do presuposto estimativo de gastos.

A aplicación deste coeficiente ó importe da subvención concedida dará lugar ao presuposto subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención; é dicir:

Presuposto subvencionado que se ha xustificar = Importe subvención concedida / Cf

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do presuposto subvencionado que se ha xustificar ou a suma das subvencións para o mesmo obxecto, obtidas de Administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que esta suma sexa superior ó presuposto subvencionado.

3.- As subvencións aboaranse do xeito seguinte:

Opción A:

Poderá realizarse un pagamento parcial se a asociación xustifica a realización de actividades ou investimentos que acaden, polo menos, o 50% do presuposto subvencionado que se ha xustificar de cada programa subvencionado.

Opción B:

A totalidade da subvención, despois da xustificación das actividades ou investimentos realizados.

4.-Os gastos xustificandos deberán axustarse ós conceptos incluídos no presuposto inicial.

Non obstante, despois de solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderase autorizar o cambio de obxecto ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou presuposto da solicitude, sempre que se mantéña a finalidade da subvención; esta solicitude deberá presentarse no prazo máximo de seis meses dende a notificación da concesión da subvención. Habrá un modelo oficial para realizar esta solicitude.

Esta autorización requirirá a proposta da correspondente Comisión Avaliadora, que deberá pronunciarse sobre o mantemento do importe da subvención, do presuposto subvencionado que se ha xustificar e do prazo de xustificación e será obxecto de resolución da Presidencia.

5.-Para o cobramento da subvención as entidades deberán estar ó día nas súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (art. 170.2, Lei 39/1988, reguladora das facendas locais), situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servicio Provincial de Recadación.

6.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras Administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

De conformidade co artigo 81.8 do Texto refundido da lei xeral presupostaria, recollido na base 51.^a - 4.º das de execución do presuposto provincial, o importe das subvencións

concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

7.-O beneficiario queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola Deputación e polo Tribunal de Contas e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral presupostaria e, no seu caso, ó disposto no Código penal.

7.3.- Documentación xustificativa:

Para o cobro da subvención, as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

1.-Declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades ou investimentos para as que foi concedida.

2.-Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

3.-Acreditación da realización de gastos, da forma seguinte:

A) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos correntes xustificaranse mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

No caso de gastos de persoal contratado, poderán achegarse como xustificante, as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

B) As subvencións que teñan por finalidade a realización de proxectos que xeren gastos de investimento, se xustificarán axuntando os seguintes documentos:

* Adquisición de bens de equipo: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

* Execución de obras:

- Se as obras se executan por administración: certificación subscrita por técnico Colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.

- Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada subscrita por técnico colexiado competente, que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

O gasto xustificado mediante a documentación sinalada deberá acadar, polo menos, o importe do presuposto subvencionado ou a suma das subvencións obtidas de Administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que esta suma sexa superior ao presuposto subvencionado.

Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración concedente, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ó que se refiren os gastos.

7.4.- Tramitación da xustificación:

1.-Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención.

2.-No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de quince días para a súa corrección.

De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificados correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento.

3.-O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Disposición adicional primeira.

Con carácter xeral admitiranse fotocopias da documentación presentada sempre que veñan compulsadas:

* Diante de notario.

* Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña.

* Polo órgano administrativo que teña no seu poder os documentos orixinais.

Disposición adicional segunda.

Para o non establecido nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2002 e as directrices emanadas da coordinación do Plan de apoio veciñal.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. presidente

Hai unha moción da Presidencia relacionada co Pleno ordinario do próximo día 26, que por motivos de traballo e de preparar a documentación para ese pleno, que van temas importantes como é a incorporación do remanente, modificados de créditos, ou o Plan de vías provinciais, ese plan interesante e plurianual, pois o que se pretende con esta moción é que o pleno ordinario correspondente ó cuarto mes de 2002 se celebre o día 3 de maio, venres, ás doce horas.

Apróbase a urxencia da moción por unanimidade e tamén por unanimidade é aprobada a seguinte moción:

MOCIÓN SOBRE CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL.

“Que o Pleno ordinario correspondente ó cuarto mes de 2.002, se celebre o día tres de maio, venres, a partir das doce horas.”

Sr. presidente

Hai tamén unha moción do Bloque Nacionalista Galego, da deputada Sra. Candocia Pita, que pode defendela, Sra. deputada.

Sra. Candocia Pita

Ben, a moción é sobre o Polígono de Sabón, non hai moito aquí ven un convenio co Polígono do Tambre, de Compostela, e xa naquel momento, nosoutros dixemos que se deixara claro se ía ser o inicio dunha liña aberta para apoiar polígonos industriais, ou se era un convenio particular, ou cómo era. Naquel momento nada se aclarou; o que si é certo é que o problema do Polígono de Sabón está presente desde sempre nos medios de comunicación e demais, nas reivindicacións da propia asociación de empresarios, que nesta deputación tróuxose unha proposta de 8 de novembro do 99, á Comisión de Vías e Obras, para ceder a deputación o Polígono Industrial de Sabón ó Concello de Arteixo, pero quedou sobre a mesa, retirouse o punto e non volvemos a saber máis nada sobre o tema. Como nosoutros entendemos que o Polígono de Sabón é algo anacrónico para esta deputación, no senso de que non ten competencias sobre este tema, non debe de telas, e non ten ningún senso que se manteña unha estrutura dese tipo, que a deputación demostrou durante todos estes anos que non ten capacidade de mantemento dunhas instalacións dese calibre, pois entendemos que é o momento de falar do futuro do Polígono de Sabón, e sobre todo facer unha análise da situación actual. E por ese motivo o punto da resolución, que é un só e é moi claro, é que, leo porque así queda moi claro: “proposta de resolución: a corporación provincial acorda formar unha comisión especial para estudar a problemática actual e no futuro do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo, na que participe o Concello de Arteixo, a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón. E o fin da moción é que dunha vez por todas se aclare qué quere a deputación facer con este polígono e que sexa unha decisión, en todo caso, a tres bandas: Asociación de Empresarios, deputación e Concello de Arteixo. Máis nada.

(Sae o Sr. Mosquera Maceiras).

Procédese a votar a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

Votan en contra: 15 deputados (PP)

Abstéñense: 1 deputado (PP - por ausentarse na deliberación do asunto y non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

Sr. presidente

Decae a urxencia e pasa á comisión. Vostede o acordo que pide nesta moación é que se forme unha comisión entre os empresarios, o Concello de Arteixo, e a deputación, entendemos que o primeiro é que pase á comisión, que se estudie profundamente este tema na comisión correspondente.

Sra. Candocia Pita

¿Cal é a Comisión correspondente?

Sr. presidente

A Comisión de Vías e Obras. Imos ver, o tema é un tema profundo e moi complicado, non é doado, e a vontade desta Presidencia e o grupo que apoia a esta Presidencia é buscarlle unha solución definitiva a ese polígono, e primeiro: corrixir as deficiencias que hai; segundo: que decida esta corporación se interesa seguir con ese polígono, ou despois de correxilo, cedelo ós empresarios, e que eles o manteñan, como se está facendo practicamente en todas partes. E iso quero que o estudie a comisión, que ó mellor ten que ser a Comisión de Vías e Obras, e ó mellor tamén ten que pasar á de Facenda, proque hai temas conxuntos; perdón á de Plans Especiais. Ben, sexa a comisión que sexa, o asunto é estudar profundamente nesas comisións o que se quere facer, por suposto na de Vías e Obras porque hai melloras, e hai que facer, e logo hai o que se decide economicamente no futuro con ese polígono, e a partir de aí é cando se haberá que sentar co Concello de Arteixo, cos empresarios e deputación para acordar entre todos o mellor posible.

Polo tanto, pasa ás comisións pertinentes para decidir dunha vez por todas, independentemente das súas deficiencias, o futuro dese polígono.

Sr. Fernández Moreda

Se me permite, para falar deste tema, non sei se ten encaixe dentro da orde do día, pero como fixaron posición os dous, para fixar unha posición, brevemente, tamén. Paréceme ben que se discuta na comisión que lle corresponda, e nosoutros nesa comisión defenderemos que sexa cedido o Polígono ó Concello de Arteixo, xa o formulamos así cando tiñamos a ocasión de poder formulalo, como consecuencia dese pensamento destinamos un investimento forte para poñer nas mellores condicións o polígono industrial, porque indubidablemente se o concello o recibe, terá que recibilo en inmellorables condicións, pero o que non ten moito senso é que o concello cobre o IAE, cobre o IBI, cobre tódolos impostos, e o polígono sexa para a deputación un centro de imputación de gasto. Pois haberá que chegar a unha solución, que sexa satisfactoria para a deputación e para o concello de Arteixo, pero nesa comisión, se se fai, a posición do grupo socialista será apoiar, tralos estudos previos que sexan precisos e os investimentos necesarios para transferilo nas condicións apropiadas, apoiar a transferencia ou a cesión do polígono ó Concello de Arteixo.

Sr. presidente

Eu non sei, Sr. Fernández Moreda, se para o Concello de Arteixo, para os empresarios, imos estudialo e buscarase a mellor solución, independentemente, volvo a repetir, de correxir as deficiencias que teña ese polígono, e tamén de vender algunhas parcelas que hai que vender, ou sexa, rematar todo o que teña que rematar a deputación, e buscar a solución mellor, para os empresarios, para o concello e para esta corporación.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Santiago López

Teño unha pregunta, e é en relación a unha moción que presentaba o noso grupo no Pleno do 29 de xuño do ano pasado, unha moción que atendendo a unhas cousas xustificadísimas e agardando a boa disposición do grupo de goberno para a tratar, renunciabamos a tratala en pleno, á espera de que pasara a unha vindeira Comisión de Cultura. A moción da que estou falando é sobre o tema da normalización lingüística, na que este grupo facía unha serie de suxestións para avanzar neste tema nesta deputación. E non soamente non pasou á Comisión de Cultura, senón que non pasou a ningunha; vai facer un ano que foi presentada e a pesar de que vostede no mesmo Pleno do 29 dicíanos que era un tema interesantísimo no que xa estaban traballando ademais, pasaría inmediatamente, no seguinte Pleno, do 27 de xuño, que eu lle preguntaba que pasara con esa moción, se se perdera nalgún triángulo das Bermudas desta deputación, vostede dicíame que pasaría á seguinte Comisión de Cultura, pois non foi así.

Eu rogaríalle que tomara vostede as medidas oportunas para que este tema poida tratarse nunha comisión coa maior brevidade posible. Gracias.

Sr. presidente

Moitas gracias a vostede, Sra. Santiago. Direille que no tema da normalización lingüística estase traballando, estamos contratando xa profesionais, tradutoras, estase actualizando e corrixindo a páxina web, e por suposto o Sr. responsable da comisión tomará as medidas oportunas do que vostede dixo neste momento.

Sr. Rodríguez Doval

Dous temas redundantes, pero que quería aproveitar este pleno para volver a insistir neles. Un deles xa bastante redundante porque hai un debate do propio Pleno do 14 de setembro do pasado ano, onde precisamente o BNG desistira de presentar unha moción sobre o tema, á espera de que a Presidencia cumprira o seu compromiso de dinamizar esa cuestión. Estoume referindo a ese convenio entre a Deputación da Coruña e a Consellería de

Política territorial respecto ó Polígono Os Airíos, do famoso vial. Sei que estes días, incluso houbo unha reunión respecto disto, sobre temas de carácter máis xeral, pero quería lembrar que o pasado pleno eu fixen precisamente un rogo ó Sr. presidente, no senso de que se intentara axilizar unha solución a este tema que, ó noso xuízo, estase dilatando, non queremos responsabilizar á Deputación da Coruña, pero parécenos que desde aquí, como parte que vai establecer convenios, deberíase de facer un esforzo porque isto está sometido a unha serie de prazos, como ben se sabe aquí, algún deles procedentes de fondos que veñen das comarcas do MINER. E polo tanto, queríamos que, dalgunha forma, se hai algunha novidade respecto á sinatura do convenio, por certo dun modelo de convenio que aquí xa foi presentado en comisión pero que despois quedou pendente para ver de melloralo, pero isto estamos falando do mes de decembro,..., xaneiro, febreiro, marzo..., e estamos agora no mes de abril.

Polo tanto, era un rogo para que se axilizara, déranse os pasos para que se concrete canto antes, por certo que aproveito para lle dicir que tamén os sindicatos da comarca das Pontes solicitaran unha entrevista con esta Presidencia, que aproveito para lle solicitar que, na medida en que a súa axenda o permita, poida celebrarse, teñan esa reunión solicitada e supoño que este tema era tamén obxecto de debate. Polo tanto, xa digo, reiterar esa petición para que se axilice canto antes unha solución ó tema do vial do Polígono dos Airíos.

E segundo: unha petición que tamén lle fixen no pasado pleno, e que tamén tendo en conta a dispoñibilidade da axenda desta Presidencia, pois que se axilizara canto antes a celebración da reunión que se ten pedido desde a Presidencia da Mancomunidade de Concellos da Ría de Ferrol respecto á posible colaboración ou participación da Deputación da Coruña coa conversión do parque que hoxe ten o concello de Ferrol nun parque mancomunado. Hai unha petición por parte do Sr. presidente da mancomunidade, con data do 5 de febreiro, é dicir, de hai exactamente dous meses, eu sei que o presidente estase interesando por este tema, o presidente da mancomunidade, entón queríalle rogar a esta Presidencia que axilizara canto antes ese contacto para ver, primeiro para discutir o caso, e se é o caso, para buscar posibles solucións.

Sr. presidente

Moitas grazas, Sr. Rodríguez Doval, tomo nota desta última petición, de recibir ó presidente da Mancomunidade de Ferrolterra, fareino o antes posible.

E o tema do Polígono dos Airíos, como ben di vostede, é certo que -creo que foi o día tres-, houbo unha reunión en Santiago de Compostela, na Consellería de Industria, estiveran representados a deputación, os sindicatos, a Consellería de Política territorial, e desde logo, hai un acordo e un sentir de todos de que vaia adiante canto antes. Pola nosa parte hai esa vontade, e as deficiencias ou pequenos detalles que había na sinatura do

convenio están subsanados, e por suposto ese convenio irá ó vindeiro pleno, e por suposto poñeremos a parte que nos corresponde nese convenio, na participación desa variante.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e corenta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario dou fe.